

TERCEIRO EXERCICIO (ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS)

SUPOSTO PRÁCTICO 1

Traballa vostede como responsable da Biblioteca da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC. Nese centro impártense as seguintes titulacións:

- Grao en Enxeñaría Química
- Grao en Enxeñaría Informática
- Grao en Intelixencia artificial
- Dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas
- Mestrado en Enxeñaría Ambiental
- Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos
- Mestrado en Tecnoloxías de Análise Masivo de Datos: Big Data
- Mestrado en Computación de Altas Prestacións
- Mestrado en Visión por Computador
- Mestrado en Intelixencia Artificial
- Mestrado en Xestión Sostible da Auga

A comunidade directa a que atende a Biblioteca consta de :

- 773 estudantes de Grao e 154 estudantes de Mestrado
- 203 PDI
- 12 PAS

O equipo directivo da Escola quere potenciar a innovación docente no centro co obxectivo de mellorar non só a taxa de persoas egresadas, senón tamén as porcentaxes de empregabilidade dos *alumni*. Para iso, vostede é convocada a unha xuntanza con representantes dos departamentos, coordinadores dos graos e representantes do alumnado para elaborar un plan de mellora e innovación docente. O plan terá unha duración de catro anos e unha dotación inicial de 40.000 € o primeiro ano, e 10.000 € cada un dos tres seguintes.

A partir desa reunión a vostede encargáselle especificamente a **elaboración dun proxecto de apoio docente desde a Biblioteca** que poderá deseñar libremente, tendo en conta que :

- Se valorará o carácter innovador e a presenza de temas relativos á Axenda 2030
- O proxecto debe beneficiar a todas as titulacións que se imparten no centro
- O orzamento que presente non debe superar os 7.000 € no primeiro ano e os 2.500 € nos tres seguintes. Os cartos solicitados **non poden ser empregados en contratación de persoal**.

O **proxecto** que ten que presentar deberá conter **obrigatoriamente os seguintes elementos**:

- Xustificación e breve explicación do proxecto
- Obxectivos a conseguir
- Accións específicas
- Recursos humanos (incluíndo os perfís profesionais necesarios)
- Instalacións e recursos materiais necesarios
- Orzamento necesario
- Temporalización
- Seguimento e Indicadores de avaliación do proxecto

Para axudala na formulación do proxecto, proporciónaselle a seguinte información sobre a Escola e a Biblioteca:

- Biblioteca da ETSE

Situación: Andar 1 no Módulo de Docencia. Descrición no folleto da ETSE
(Anexo 1)

Persoal: 1 directora e 1 axudante de bibliotecas (compartidos coa Biblioteca da Facultade de Química), 2 auxiliares de biblioteca en quenda de mañá e un en quenda de tarde.

A Biblioteca da ETSE organiza os Cursos de Formación en Competencias en Información para os Graos en Enxeñaría Química e Enxeñaría Informática, nos niveis básico e avanzado.

O espazo da Biblioteca conta cun nivel de electrificación e conectividade suficiente.

- Información sobre a ETSE. **Anexo 1**
- Infografía sobre a Axenda 2030. **Anexo 2.**